

## DE CONVERSA

### Maruja Gama e Manuel Filgueira, unha parella con memoria

*Isidoro González Paz*

Manuel Filgueira Maquieira naceu no Arco en 1923, pero xa leva moitos anos vivindo na Piolla. Nada máis entrar na súa casa dinos:

*- Eu son Manolo o Xurelo, boca de cadelo.*

Era un anticipo do ton distendido que había envolver toda a conversa, nunha tarde que, malia ser marzo, quentaba o sol e a chuvia facíase desexar. Non nos soubo dicir o por que dese sobrenome, pero efectivamente todos os veciños coñecemos polo *Xurelo*.

*- Viñestes ó sitio ideal para informarnos de como anda e desanda o mundo. - Seguiu coa broma. Quen vos dixo que era aquí? Non o sabe calquera.*

O amor fixo que, desde moi novo, Manolo mirase para A Piolla, poñendo os ollos nunha moza que, tras cinco anos de noivos, rematou sendo a súa dona, a nai dos seus fillos, a súa compañeira. Ela, Maruja Rodríguez Gama, soubo que oficialmente se chamaba M<sup>a</sup> Custodia cando xa tiña vinte anos e ía casar. Naceu na Piolla catro anos máis tarde ca Manolo, en quen puxo o corazón desde a fresca idade dos dezaseis anos. Nel e nela notamos a comprensión e a complicidade, propias de sesenta e tres anos de convivencia.

Maruja fálanos da súa ascendencia portuguesa. A súa bisavoa, M<sup>a</sup> Custodia Sousa de Gama, era de San Lourenço da Barca. Foi a que veu para A Piolla. O fillo desta muller, José Sousa de Gama mantivo os apelidos segundo a tradición portuguesa, pero a súa filla xa se chamou Custodia Gama Fernández, que vén sendo a nai de Maruja.



*Maruja Gama e Manuel Filgueira*

Os dous, Maruja e Manolo, cóntannos anécdotas da infancia e da xuventude que, dalgún xeito, son espello de modos de vida do pasado recente. Ela fai gala de boa memoria e lembra que cando tiña catro anos, os pais, con só vinte e catro anos e catro fillos, leváronos á Seca, á casa dos avós.

*- Eu vestía unha saia azul plisada, cun xerseí vermello, e meu irmán un pantalón, tamén azul. Meu pai levaba o outro irmán máis pequeno a carranchapernas e miña nai, a pequerrechiña no colo.*

Foi á escola da Piolla, pero ós nove anos marchou para a graduada de Pontevedra, na rúa Sarmiento. Como falaba galego, as mestras e as compañeiras burlábanse dela e, a pesar da idade, puxérona na unidade dos máis pequenos. Con esforzo, alcanzou as nenas da súa idade, de tal xeito que, cando a escola se traslada para a Normal, preto da Alameda, -ela acababa de facer catorce anos- xa ía co grupo das maiores.

A Manolo tamén o mandaron á escola dende pequeno. Unha vez foi cunha "mona" encima que non se tiña de pé, consecuencia de tomar polas mañás unha codia de pan cun grolo de augardente do país que, nesa ocasión, fora demasiado cumprido.

*- Eu non era moi aplicado na escola, pero tiña moita intelixencia, senón non sería capaz de conquistar unha muller coma esta. Claro que a ela tamén lle tocou a lotería ó atopar comigo.*

Recordan as diversións de cando eran pequenos, dos xogos, das festas, de Barriga Verde que actuaba na de Paco o Canexo, aínda cando non tiña taberna.

- *Había unhas escaleiras que facían de bancadas para os nenos. O resto da xente colocábase onde podía, uns de pé, outros sentados. O señor, Barriga Verde, estaba detrás dunha lona que transparentaba e sacaba os bonecos pola parte de arriba, baténdose uns contra os outros. O máis listo de todos era Barriga Verde que pelexaba co cura, co demo e con outros bonecos. Era moi divertido.*

De nova, Maruja dedicouse a coser polas casas. Tivo como clientes a xente importante de Pontevedra como o director da Tafisa, os Trapote e o avogado Areses onde tamén lles facía vestidos ás bonecas.

- *En Lérez houbo boas costureiras como Lola a Limonera, Ida a Reiciña, Carme a do Arco, Flora a Rabuxa, Laura a Amadora...*

O baile do Magdalena, fronte á súa casa, foi onde Maruja aprendeu a dar os primeiros compases ó son dun caldeiro (que facía de pandeiro) de Venerando de Couso. Despois tamén tocaba o Simón, que era máis divertido, pois o acordeón animaba máis. Polo entroido ten ido ó baile infantil de *Juventud Lerezana*.

- *Creo que foi neste salón onde miña nai foi elixida "miss Lérez". Era un baile de categoría, con bo local, ben organizado e con músicos que tocaban ben. Sen dúbida o mellor baile da redonda.*

Ás veces, as saídas bromistas de Manolo eran tan inesperadas que había que pararse un anaco para collerlles a onda. Así que, cando di que estivo dezaioito anos de frade, hai que entender que pasou ese tempo metido entre monxas e monxes, pois facía os labores de conservación dos conventos de Santa Clara e San Francisco.

- *Cando estudaba medicina en Santiago -en alusión a cando fixo a mili na cidade do Apóstolo- mandeille unha carta a Maruja, na que, entre*

*outras cousas dicíalle: "Te escribo al son de la música". A resposta dela, de tres carillas, non se fixo esperar. "si tu me escribes al son de la música, yo te escribo al son de la marimba del baile del Carranco donde estoy divirtiéndome con amigos y amigas. Y aunque soy muy joven, soy mayor en pensamientos y palabras". Vaia resposta me deu! Púxome celoso.*

- *Era moi divertido -atalla Maruja- Gustáballe meterse coas mozas, ás que facilmente conquistaba, pero un día unha díxolle: "Adios, Xurelo!" E el acercóuselle e mordeulle na fronte, cousa que ela sempre lle recorda cando se atopan.*

Os dous falan de costumes hoxe perdidos, como os piropos e as serenatas. Maruja aínda se lembra da que lle deron Juan o Torneiro, Manolo o das *Tres Portiñas* e outros. Tamén falan das postais dedicadas e Manolo recita con emoción unha das que recorda.

*¡Delirio del alma mía!  
al ver tu cara de cielo  
mi alma perdió el consuelo  
en que tan triste vivía.  
Un favor te pediría.  
¿Dirás que sí y lo harás?  
Entonces, coge el papel  
y mira lo que dice en él.  
¡Oh que dicha la mía!  
¿Me quieres?*

- *Tamén se perdeu o "enterro da sardiña" que organizaban O Canicouba, O Rosquilleiro e O Rutilo, os tres da Piolla, e alegrábanlle a vida a xente tocando a gaita, a caixa e o bombo. Antes de saír a comitiva "tocaban a campá" batendo un sacho cunha pedra.*

- *Cando eramos mozos -di Manolo- gustábanos ir ós bailes. O do Chosco era un dos máis animados. A min gustábame disfrazarme polo entroido, pero Maruja prefería marchar para a casa porque se metían con ela.*

O matrimonio tamén recorda o Monte das Pías sen árbores, coma un prado de todos, a onde a xente levaba as vacas a pastar. Despois

fixeron "o cierre", é dicir, plantáronlle piñeiros que foi como privatizar o monte. Menos mal que se recuperou para a parroquia grazas á *Comunidade de Montes*. Naqueles tempos de moita necesidade, a xente facía cola para levar leña dos piñeiros que derramaban.

- *Tamén se ía ó monte a buscar piñas e garabullos que se cortaban cun cunha poda de mango longo. -dinos Maruja- As fincas arrendábanse e había que pagar por traballalas ou darlle ó propietario parte da colleita. Meus pais arrendaron un comareiro que custaba 45 pesetas ó ano. Nel collían leña e landras para os porcos, un para matar -era o porco salvador- e outros para vender.*

- *Cando eramos mozos -continúa Manolo- morría moita xente nova. Eran tempos de moito traballo e pouca comida. A tuberculose e a apendicite varrían moitas vidas.*

- *Tamén o tétano -completa Maruja- facía estragos, pois daquela non había vacinas. A nosa filla foi unha das primeiras que se salvou desta enfermidade. Había que poñerlle varias inxeccións ó día e, como non había practicantes á man, tiven que decidirme a pinchala eu mesma. A xente sóuboo e converteume na practicante da Piolla.*

Falando dos Paz Andrade, acórdanse de Valentín, a quen se adica este ano o "Día das Letras Galegas", home importante e xeneroso, diferente da irmá Carme, a Pescalilla", que vendía flores na praza e controlaba moito o reparto do millo das fincas que tiña arrendadas. Son parentes de Joaquín Paz que saía nas coplas dos maíos:

*Para facer este maío  
tivemos que ir roubar  
o fiúncho e mais as flores  
á casa de Joaquín Paz.  
Saíu don Joaquín  
coa escopeta ó lombo  
mandounos un tiro  
caemos redondos.*

De don Leandro, o crego, din que tiña moita vara na Sindical da que era "prohombre". A través dela favoreceu moitos veciños da parroquia.

- *A vida de Don Leandro foi a dun cura adiantado ó seu tempo. Algúns aspectos da súa vida foron autorizados posteriormente pola xerarquía eclesiástica e outros, seguramente, serán autorizados no futuro.*

Maruja, aínda que era moi nova, non pode esquecer os tempos de persecución que seguiron ó golpe de estado de 1936. Lembra que os daquela maiores falaban de fuxidos polo Monte das Pías, pola Cachada de Arriba e pola beira do río. O seu pai axudou a varios deles como Ramón o Virote do Arco e Laureano o Viramontañas da Fillagosa. Sabe dos fusilados como Juan Magdalena e Faustino Gama que mentres andou fuxido, durmiu moitas noites no cemiterio.

- *Os Gamas, parentes meus, - comenta Maruja- son xente boa, traballadores e emprendedores. Tiñan unha gran tenda en San José (onde hoxe está a peletería Araujo) de moita importancia. Vendía para outras tendas de Pontevedra, Estribela e Marín. Manolo estivo preso na Lazareto e foi condenado a morte, pero salvouse grazas á intervención de Soledad Mendoza, amiga da familia. Os cívicos, que tiñan o cuartel no campo da feira (hoxe praza de Barcelos), tamén se meteron con Custodia. Cortáronlle o pelo e metérona na cadea para que delatase os seus irmáns fuxidos.*

Cando nos decatamos, xa se metera o sol. Así que tratamos de rematar a conversa que fora fluída, relaxada e chea de interesantes anécdotas. Ó despedirnos, Manolo non puido deixar de dicir unha das súas.

- *Mirade onde está Robert Taylor. Sinalándose nunha foto coa muller e os fillos.*